



**XEIRA, DOMINGO, 06 DE ABRIL 2014**

**TERRAS DE CALDELAS**

**Unha Ribeira Sacra Case Inédita**

Guiada por Pancho Gallego

**Saída ás 8,00 h dende as paradas habituais**

**Teremos DUAS andainas, de pouco máis de 1,5 quilómetros cada unha.**

### **ITINERARIO**

- Sairemos das paradas habituais para irmos directos cara as Terras de Caldelas **onde antes de facer a primeira visita faremos unha parada técnica para tomar un café.** Tardaremos neste traxecto sobre 2,15 - 2,30 horas sen parar.
- Faremos a primeira parada sobre as 11 da mañán, na parroquia de Abelenda, onde visitaremos un valioso e pouco coñecido retablo na igrexa de Santa Tegra, para seguir cun dos obxectivos deste día: as ruínas de San Paio de Abelenda, que coñeceremos da man de socias de O Sorriso de Daniel, admirable asociación que se encargou de limpar e facer accesible o lugar gracias ó traballo de voluntarios. <http://osorrisodedaniel.blogspot.com.es/>
- Continuaremos ca visita á necrópole medieval de San Vitor de Barxacova, no concello de Parada de Sil, guiados por Eduardo Breogán Nieto, arqueólogo encargado das excavacións. Andaremos como 10 minutos por unha fermosa corredeira para chegar ó sitio. Para saber máis do xacemento: <http://sanvitordebarxacova.wordpress.com/>
- Se imos ben de tempo daríamos un paseo pola aldea de San Lourenzo de Barxacova, que ten algúns elementos singulares.

Faremos o xantar sobre as 2,30 da tarde en "A Fábrica da Luz", antiga central eléctrica recuperada. O menú será a base de empanada, queixos da zona, parrillada de carnes (porco, tenreira e cordeiro) tamén das Terras de Caldelas e leite frito de postre. Incidindo así na implicación cas economías locais.

- Logo do xantar faremos unha andaina pola parte final do canón do río Mao, dotado dunha pasarela de madeira, con moitas escaleiras, pero de SÓ 1,5 quilómetros. A partir de aí podemos, os que queiran, facer outro pequeno tramo máis liviano.
- De volta a Castrocaldelas, se imos ven de tempo tentaremos chegar para facer unha visita ó seu magnífico castelo musealizado. Se non, iremos máis a modo e faremos algunha parada polo camiño, para ver un tradicional rueiro na aldea de Cristosende, ou o estimable cruceiro de Lumeares.
- Inda que non os poidamos visitar, indicar que na aldea de Cristosende viven Lluís Grau e Anna Champenay, unha singular parella de artesáns que elixiu vivir do seu traballo neste entorno do río Sil, recuperando tradicións xa case perdidas, como certa cesteiría, e a "felpa" galega. Máis sobre eles en: <http://www.textilesnaturales.com/es/sobre-nosotros> e <http://www.rtve.es/alacarta/videos/babel-en-tve/personajes-tejiendo-campo-ana-champenay/648923/>
- Remataremos cunha visita ó mosteiro de San Xoan de Camba, e finalmente un paseo polo caso urbano de Castrocaldelas, onde teremos un rato libre para preparar a volta a Coruña, que será previsiblemente tarde, dado que a viaxe é longa e nos levará tamén sobre 2,15 horas.